


CATÁLOGO DE XACEMENTOS ARQUEOLÓXICOS
CONCELLO DE TEO

70

NOME		Petroglifo do Chan do Pouso		GRAO DE PROTECCIÓN		I	CÓDIGO		GA15082070
PARROQUIA		Luou (Santa María)		PLANIMETRÍA		(CPTOPV E. 1:5.000)		120-37	
LUGAR		Loureiro		COORD. U.T.M.		X 534.200	Y 4.737.010	Alt. 295 m s.n.m.	
A. TIPOLÓXICA		Gravado ó ar libre							
A. CULTURAL		Indeterminado Idade do Bronce							
DESCRICIÓN		Os motivos localizados nesta estación consisten exclusivamente en cazoletas. O seu diámetro oscila entre os 5 e os 7 cm, e presentan entre 1 e 2 cm de fondo.. A nivel descritivo dividíremolos en dous grupos:							
		- Ladeira oeste do outeiro: Obsérvanse 12 cazoletas en dúas aliñacións paralelas dispostas no sentido E-W. A menor está formada por 3 cazoletas situadas a unha distancia entre os 39 e os 50 cm, e dispostas dende a parte inferior da rocha, en contacto co solo, ata a súa parte media. E a maior está formada por 9 cazoletas situadas a unha distancia entre os 16 e os 40 cm, e dispostas dende a parte inferior da rocha, en contacto co solo, ata a parte superior, en contacto co grupo situado na parte superior do outeiro.							
		- Parte superior do outeiro: Conxunto de 14 cazoletas dispostas desordenadamente nun espacio que ocupa uns 140 cm de lonxitude e 30 cm de ancho. A orientación xeral do conxunto tamén é E-W.							
ÁREA DE PROTECCIÓN INTEGRAL (Superficie destacada en cor azul) Superficie comprendida dentro do límite do perímetro máis externo do ben				ÁREA DE CAUTELA (Superficie delimitada por unha liña vermella) Entorno adaptado ó redor do perímetro máis externo do ben					

